

## TÁBULA RASA. NOVAS PRÁCTICAS INTERDISCIPLINARES

Fran Álvarez e María Pose

*Tabula rasa* (loc. lat.)

1. f. táboa rasa (entendemento sen cultivo nin estudos).

**Tábula Rasa** é un ciclo vertebrado arredor da idea da transversalidade, tanto porque reúne eventos pouco habituais no marco dun centro de arte, como pola hibridación que ofrecen algunhas das propostas. Coa articulación deste ciclo tratouse de achegar unha visión heteroxénea mediante diversas prácticas que se sitúan na fronteira do puro/impuro. Como no aforismo de orixe latina *tabula rasa*, o espectador ten que borrar todo o aprendido e deixarse sorprenden polas diferentes propostas con absoluta liberdade, sen necesidade de buscar algo especial, senón enfrontándose de xeito desinhibido co que lle sae ao paso. En resumo, é un vagabundeo, máis que un paseo estético. Ante estas producións mestizas hai que esquecer os pequenos caixóns rotulados con categorías, para así somerxerse nun caixón de xastre onde atopar (máis que buscar) novas sensacións. Conforman **Tábula Rasa** actividades que poderían ser máis propias do mundo do espectáculo ou de ámbitos artísticos apartados da práctica dos museos: o uso da escena, da palabra ou do manexo de materiais inusuais e o desenvolvemento de presupostos herdados doutras tradicións externas á práctica artística, definida como tal, e que entroncan tanto coa cultura popular coma coas mitoloxías individuais ou a autoxestión.

Tábula Rasa conformouse como un ciclo de tres días de duración que tivo como escenarios diferentes espazos do Centro Galego de Arte Contemporánea. As distintas propostas que conformaron o programa investigan, como xa dixemos, sobre a idea de transversalidade, e fan fincapé no traballo desenvolvido nas zonas de fricción que se orixinan nese espazo límite entre diferentes disciplinas ou nos puntos de contacto entre distintas esferas artísticas. Esta idea de levar algo ao seu punto de máxima tensión foi algo que transcendeu á concepción dos traballos presentados e estendeuse ao propio concepto de museo. A pesar de que as funcións do CGAC como centro de arte van máis alá da simple exhibición de obras nas súas salas, o feito de acoller traballos realizados desde outras disciplinas fai que o mesmo centro xogue cos seus propios límites e incida á súa vez nos resultados dos proxectos presentados que, consciente ou inconscientemente, se ven tamén afectados polas connotacións que posúe o espazo.

O programa de Tábula Rasa articulouse arredor de dúas liñas diferenciadas, que se desenvolveron simultaneamente durante os tres días. Unha que se centrou nos resultados da mestura entre as artes e outra na investigación dos límites do son. As actuacións que tiveron lugar na primeira parte de cada sesión do ciclo xogaban coa idea de fusión, de mestura e de interdisciplinabilidade literal. Tratamos de basear a coherencia do programa presentando exemplos de colectivos artísticos formados por autores coñecidos de xeito individual, que nesta ocasión se reuniron para desenvolver ideas novas, orixinadas pola interacción entre eles; foron tres propostas en que música, poesía, artes visuais e danza se mesturaron para mediante a súa orquestración ter un resultado coherente con a idea motora do ciclo .

Con **Tender a man**, Yolanda Castaño presenta un espectáculo poético que vai fiando distintas experiencias de fusión da súa poesía con outros artistas que desenvolven o seu traballo no marco de diversas disciplinas creativas. A ambientación sonora corre a cargo de Sulxeitos, un dúo formado polos músicos Isaac Garabatos e Jesús Andrés Tejada. No espectáculo, cun alto compoñente das *performance*, participan —ademais destes músicos galegos de dilatada experiencia, cunha proposta a cabalo entre o jazz e a electrónica— outros creadores do mundo plástico e audiovisual. Entre eles, contribúe á creación do ambiente a presenza do grafismo de Enrique Lista inspirado no último libro de Castaño, *Profundidade de campo*. Proxéctanse imaxes das pinturas de Isabel Pintado, unha montaxe de vídeo sobre o texto *Highway to heaven* de Manu Viquiera e un videopoema elaborado pola artista, baseándose nas súas últimas creacións. Tendendo a man a outros creadores, como reza o título, Castaño dá forma coherente a un espectáculo mediante o que mostra o seu propio traballo e a rede que o sostén, un traballo en que o público ha de poñer a funcionar os seus cinco sentidos.

En **Late** dialogan danza, música e poesía. As interseccións que nacen da improvisación constrúense sobre unha partitura de accións inscritas no texto que dá nome a esta peza. A música corre a cargo de Isaac Garabatos, Jesús Andrés Tejada e Mónica de Nut, a parte da danza, así como os textos, é de Branca Novoneyra. Late tivo como escenario a terraza do edificio de Álvaro Siza e concibiuse como un experimento escenográfico onde o aproveitamento do espazo arquitectónico cobra un especial protagonismo como actor na peza.

A última das actuacións incluídas no primeiro bloque do ciclo correu a cargo do colectivo **Sintezija**, un movemento que se orixinou en Lituania hai un par de anos e que reúne diferentes creadores pertencentes a diversas esferas da arte. Hoxe en día agrupa ao redor de cen artistas, entre poetas, videocreadores, compositores, directores, *performers* ou bailaríns, que traballan en conxunto realizando unha síntese de propostas artísticas alternativas e novas formas de comunicación, a través de proxectos revolucionarios. **Sintezija** defínese como unha sociedade de diferentes artes e unhas ideas que teñen como obxectivo fomentar a colaboración de diferentes esferas artísticas e de calquera que se interese nas súas ideas para crear, compartir e traballar xuntos. De todos os artistas que forman o colectivo, foron os poetas Agnė Biliūnaitė e Julius Žėkas xunto co creador de música electrónica Vladas Dieninis os que se encargaron do espectáculo, e complementaron a súa presenza coa proxección dalgunhas das creacións doutros membros do grupo.

O segundo bloque do ciclo trataba de achegarnos propostas relacionadas co ruído como forma de expresión, recollendo dunha forma *didáctica* algunhas das aproximacións a este terreo: a primeira, que podería ser identificada como *arte sonora*; a segunda, máis relacionada coa *música popular*, con artistas que están ou estiveron relacionados coa *escena* como o metal ou a música industrial; e a terceira e última en que a influencia da *performance* se fai máis evidente.

**Gilles Aubry** é un artista sonoro, músico e compositor suízo que traballa con gravacións de campo, ordenadores e hardware dos piratas informáticos. Nos seus traballos investiga en aspectos formais, perceptivos e antropolóxicos do son: percepción e representación do espazo en situacións específicas, cultura acústica, fluxos de información... En **Tábula Rasa** presentou *Berlin Backyards*, CD recentemente editado polo selo portugués Crónica Electrónica. *Berlin Backyards* é unha colección de gravacións de campo (nos típicos patios das vivendas berlinesas) procesadas a través de Max/MSP en que a intensidade, a textura e a especialización (son cuadrafónico) nos conducen a través dun labirinto sonoro con momentos que oscilan entre a calma e a tormenta.

**Scum e Bones** é a unión de dous proxectos persoais: o *dark ambient* de Scumearth (Madrid) e o *harsh noise* de Bonesfield (Valencia). Scumearth utiliza fontes de son analóxico e natural, que procesa dixitalmente para construír unha base industrial caótica e lóxica á vez. Bonesfield utiliza todo un arsenal de sintetizadores modulares, pedais e xeradores de ruído personalizados para crear frecuencias abrasivas que complementan as súas sesións e viceversa. Scum e Bones mesturan todos estes elementos, inspíranse na imaxinaría do Kaiju-Eiga (cinema xaponés de monstros xigantes) e crea o que a moitos lles gustaría que fose a banda sonora destas imaxes: uns sons potentes, resoantes e de máquinas.

**Batur Sönmez (Analoge Suicide)** naceu en Estambul, en 1975. É un artista audiovisual, que comezou o seu primeiro proxecto electrónico en 1998. Os seus traballos desenvólvense entre a música electrónica, a industrial e o ruído. Ao igual que Analog Suicide céntrase na improvisación, cunha cantidade reducida de material (gravacións de campo, en Estambul, e uns poucos pedais de efectos) en que as estruturas xeradas pola retroacción se alteran e modifican de xeito progresivo, grazas ás variacións de certos parámetros nos efectos e a inxección de novos sons pregravados.

**Joaquin Lana** non fai distincións: código, pedais usados/baratos/fodidos, xiradiscos, vellas mesas de mestura, micrófonos «do chinés» e incluso pequenos electrodomésticos... Todo serve para un «predicador» que se move nun universo bastardo onde o importante é o nivel de presión sonora. O seu traballo céntrase principalmente no directo, como forma de catarse e na improvisación levada ata o extremo.

O parisiense Arnaud Rivière é un «bricoleur» que tamén traballa no campo do imprevisto, do accidente: pezas de metal en vellos tocadiscos, arames, cables pelados na mesa de mesturas, pinzas, micrófonos de contacto e chatarra..., retroalimentación, parasitos, sons incontrolados...; unha ruidosa disección de materiais básicos (mesmo discos de metal en lugar de vinilo), onde as sonoridades do material se amplifican e se fan evidentes, sen necesidade de recorrer a un abuso dos efectos, e centra a nosa atención nos xestos e nos movementos que xeran o son.